



**M<sup>a</sup> Carmen Alfonso Leiro, Ricardo Nogueira Rey e M<sup>a</sup> Carmen Nogueira Moure , membros do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vilanova de Arousa, ao abeiro da legislación vixente presentan para o seu debate e posterior aprobación se procede, a seguinte**

### **MOCIÓN :**

Da xestión dos residuos, coma en moitas cousas, o concello en todos os seus departamentos debe ser o primeiro en dar exemplo de bo facer. Comenzando polos residuos das limpeza viarias (cando as fan), zonas verdes e recreativas (por certo ben coidadas estes meses gracias ao curso plan F.I.P.da conselleria de traballo ). É ben sabido de todos que moitos veciños-as, imitando as conductas municipais de verter estes residuos de calquer xeito, recheando terreos a monte ou valdios, como se fixo en nos últimos tempos , no Terrón, Pereira... etc, estragando o entorno e aumentando o risco de incendios ou botando grandes cantidades de materiais orgánicos os contenedores co custe que esto supón no presuposto municipal

O volumen de residuos urbanos que se produciron o ano 2006 no concello foi de 5.288 Tm. O que supón o custe de 47 €/Tm. Un importe de 248.536€ anuais . As facturas mensuais que ven de aprobar a xunta de goberno local do 24 de xullo do 2007 ascenden a unha media de 23.000€ mensuais para SOGAMA , que soio trata os residuos, por que logo para a recollida van para celta prix S.L.outros 20.000€ . Si temos en conta que a composición media dos residuos en Galicia ,( según o plan de de residuos urbanos de Galicia 2004-2010 ) mais do 50%, o 51,80%, é materia orgánica. Polo tanto inda que non se conseguira mais que reducir a metade da materia orgánica nos contenedores, un 25% do que gastamos agora suporia aforrar como mínimo uns 5.750€ o mes e decir casi 1 millón das antigas pesetas , que falla fan pro saneamento de contas do concello.

Dende o noso grupo municipal, consideramos que estas xestións son de cotidiana e gran importancia ao tratar de dar cumprimento aos servizos mínimos que obrigatoriamente corresponden ao concello de recollida e tratamento de residuos según a Lei de bases do reximen local art. 26-1.a) e b) e tendo en conta tamén que a propia lei 10/1997 de residuos sólidos urbanos de Galicia recolle no seu art.7-3 :” as administracións públicas galegas procuraran establecer nas súas actuacións mais axeitadas para favorecer o uso de subproductos ...”asi coma no art. 5 donde trata “ da elaboración e desenvolvemento de acción de formación e concienciación cidadá”.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no cumprimento da súa obriga de defender os intereses dos veciños, toma a iniciativa e presenta diante do pleno da corporación de Vilanova de Arousa as seguintes **propostas de acordo :**



1-Que nos servizos municipais se implante a recollida selectiva de todo residuo orgánico de limpeza viarias, zonas verdes e recreativas, así coma o seu tratamento en pilas (medas) de compostaxe, cubertas ao aire libre para o seu posterior uso- aproveitamento como abono – mellorador do chan das propias zonas verdes.

2-Realización de actividades divulgativas (charlas e obradoiros ) da promoción da compostaxe caseira en centros de ensino, asociacións de veciños-as...ect. Tratando sobre como realizar o compost e vantaxes do mesmo no seu uso como abono.

Vilanova de Arousa, 27 de agosto de 2007

Asdo. M<sup>a</sup> Carmen Alfonso Leiro Ricardo Nogueira Rey M<sup>a</sup> Carmen Nogueira Moure

**SR. ALCALDE DO ILMO. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA**